

## CARLOS CASARES, A XEITO DE CODA OU ESTRAMBOTÉ

Víctor Fernández Freixanes  
Real Academia Galega

**Resumo:** O ano Carlos Casares deu pé a numerosos traballos, ensaios de carácter científico (filolóxicos, históricos e literarios), crónicas e testemuñas persoais. A xeito de colofón o presidente da Real Academia Galega, editor, igual que o foi Carlos Casares, evoca nunha anécdota compartida a personalidade e compromisos da figura á que a Academia dedicou o Día das Letras Galegas.

**Abstract:** The year dedicated to Carlos Casares gave rise to numerous writings, scholarly essays (philological, historical and literary), accounts and personal reminiscences about him. As a coda to the foregoing, the President of the Real Academia Galega, himself an editor like Carlos Casares, evokes in a shared anecdote the personality and the commitments that belonged to the figure celebrated on the Día das Letras Galegas.

**Palabras chave:** Carlos Casares, edición, Literatura galega, Día das Letras Galegas.

**Key words:** Carlos Casares, publishing, Galician literature, Día das Letras Galegas.

Se tivese que evocar unha estampa, unha imaxe, un único fotograma que resume a lembranza que teño do escritor e amigo, lembranza que autores e autoras, colaboradores destas paxinas, reflicten axeitadamente nos seus traballos e nas distintas intervencións ao longo do presente simposio, escollería aquela noite de setembro de 1993, en Berlín, sentados os dous na beirarrúa, diante da porta de Brandeburgo, falando ata ben entrada a madrugada, ata que a humidade e a friaxe nos botou de alí, repasando xuntos o país e, sobre todo, imaxinando cousas, proxectos, colaboracións entre dúas persoas que, malia a diferenza de idade (dez anos exactamente, nacemos o mesmo 24 de agosto; Casares no 41 e eu no 51), compartían unha certa idea do mundo, dos seus valores esenciais e, canto a Galicia e a cultura galega, bastantes estratexias. Acababa de chegar eu daquela á

dirección das edicións literarias do Grupo Anaya e Alianza Editorial, conselleiro delegado de Edicións Xerais de Galicia, que pasara a dirixir Manuel Bragado, e Carlos Casares exercía con pulo a dirección xeral da Editorial Galaxia dende 1985.

O Literarisches Colloquium, institución que promovía e promove encontros con escritores de toda Europa, invitáranos a pasar catro ou cinco semanas nunha residencia na vila de Wansse, na compañía da tradutora Elke Wehr, para verter algúns dos nosos textos ao alemán e participar en coloquios con tradutores da república recentemente unificada. Foron unhas semanas de relación intensa, confidencias e, como dixen antes, proxectos. Entre outros, a posibilidade de iniciar liñas de colaboración entre as dúas grandes empresas editoriais que operaban no país (Edicións Xerais e Galaxia) a prol de construír unha biblioteca común de clásicos. Podo dicir que en certa maneira alí xurdiu a idea do que logo sería a Biblioteca 120, distribuída por *La Voz de Galicia*, coa colaboración das devanditas editoras e mais Espiral Maior, Edicións Liovento, Sotelo Blanco, Ir Indo, Edicións do Castro e SM, xunto coa Asociación Galega de Editores (2002-2003). Casares traballaba daquela na reestruturación de Galaxia e na actualización da revista *Grial*, de cuxa dirección se fixera cargo en 1989. Quen me ía dicir a min (aos dous) que andando o tempo collería o relevo da súa presenza na Academia e mais na dirección de Galaxia e da revista da editorial.

Evoco aquela noite na beirarrúa da porta de Brandeburgo e aquelas catro ou cinco semanas xuntos en Berlín, porque foi a oportunidade de establecer unha relación estreita e intensa con Carlos, alén doutras máis ocasionais ou circunstanciais, para falar do país e mesmo para compartir, como digo, un posible deseño estratéxico da acción cultural, a través das dúas empresas nas que entón tiñamos responsabilidade. E evoco esa estampa porque, diante das variadas intervencións, ensaios e reflexións á que o Ano Carlos Casares (Día das Letras Galegas) deu lugar, hai un aspecto que quería salienta: o compromiso estratéxico e de futuro que Carlos Casares tiña co país, compromiso consciente, non só emocional, moi meditado, que se manifestaba en moi diversas actividades, tal que un poliedro complexo, un prisma de luces complementarias. Todas respondían a unha mesma preocupación. Díxeno nalgún outro lugar.

Escritor, editor, conferenciante, profesor, ensaísta, crítico literario, lector atento, académico, implicado en actuacións que o levaron a participar en procesos decisivos no delicado período da transición política á democracia en España e á recuperación do autogoberno de Galicia, a súa figura responde ao modelo de intelectual independente e comprometido que xorde na Europa posterior á Segunda Guerra Mundial, seguro dos seus principios e, ao mesmo tempo, áxil, eficaz e pragmático na aplicación dos mesmos.

Seguro dos seus principios –digo–, que era o compromiso inequívoco co país (coa súa modernidade, coas liberdades democráticas, a proxección europeísta, a xustiza social, a necesidade de dotar a Galicia de identidade política con institucións propias) e, ao mesmo tempo, áxil, eficaz e pragmático na aplicación deses principios, aleén de retóricas, que non lle gustaban nada, e do que hoxe denominamos “postureo”, ese afán ou ansia ás veces desmedida por estar decote na dianteira da fotografía, no primeiro plano do foco segundo interese ou conveña. A actitude de Carlos era outra, cun sentido profundamente político e operativo, seguramente influído polas ensinanzas de Ramón Piñeiro, a quen considerou sempre o seu guieiro. “Se queremos que unha cousa saia adiante”, confesoume nalgunha ocasión, “mellor fóra de focos, fóra das cámaras”. Algúns dicían, como censurando, que era “traballar por detrás”. Podo asegurar que no seu caso era traballar pola idea, afastándose na medida do posible do ruído interesado que, en política sobre todo, leva sempre consigo a representación, ou mellor: a sobreexposición.

Non se falou moito, só de pasada, da dimensión de Carlos Casares como editor. Aquí é onde quería pararme un anaco antes de despedir estas sesións do Simposio. Falamos do Casares escritor, sen dúbida a dimensión que el máis consideraba, mais tamén doutros aspectos que inevitablemente levaba aparelada a súa dimensión pública, que era dimensión política na medida en que a “polis” (Galicia) esixía eses compromisos. Lembro algunha conversa que tiven con Ramón Otero Pedrayo para o meu libro *Unha ducia de galegos* (1976), na que o señor de Trasalba, poucos meses antes de morrer, falaba da súa vocación como novelista e laiábase, non obstante, das demandas ás que os homes da súa xeración se viron obrigados: participar en política, promover plataformas institucionais, estratexias editoriais, actuacións moi diversas, que consideraban necesarias para poñer en marcha un país mancado, eivado de recursos para afrontar o futuro. En certa maneira, o caso Casares é semellante. De que serve un libro, a creatividade do artista, se non dispoñemos de infraestruturas necesarias e eficaces para promover, distribuír, comercializar, lanzar ao mundo esa creatividade? Esta reflexión compartíamola naquela beirarrúa de Berlín. Como afrontar o futuro na sociedade competitiva dos mercados abertos, as transnacionais, a globalización que xa apuntaba no horizonte, a necesaria proxección exterior, a construción dun mercado interior: lectores, espectadores, cidadáns esixentes, como afrontar todo isto sen procesos de produción de noso, alén de dependencias alleas, sen equipos humanos e recursos económicos axeitados? Como construír unha cultura autónoma sen organizacións empresariais eficientes (creación, produción, distribución, comercialización, promoción), mesmo sen un asociacionismo sectorial necesario (creadores, distribuidores, tradutores, promotores) para estabilizala e poñela a medrar? E aínda máis:

de que maneira implicar a sociedade (institucións públicas e privadas) na construción dese edificio necesario?

O concepto de *editor* foi mudando cos anos. Dende a idea inicial de organizador de textos literarios e, se acaso, promotor ou comercializador dos mesmos, a *xestor de coñecemento*, organizador ou animador de procesos creativos en calquera linguaxe, en calquera soporte, con capacidade para deitar a ponte necesaria entre os creadores e as audiencias. O editor é un observador da realidade, atento ás necesidades e demandas que o corpo social emite, mais tamén un axente activo que participa en todos aqueles procesos que se consideran necesarios para desenvolver ese obxectivo fundamental: a conexión entre o discurso creativo e os receptores, sempre cun horizonte estratéxico: a contrución da idea, neste caso, a construción do edificio dunha Galicia máis nosa, máis culta e, en definitiva, máis libre e democrática. Todo a través da industria das palabras.

Unha parte moi importante do traballo de Carlos Casares consistiu en dotar a Editorial Galaxia de organización interna e recursos para desenvolver a súa actividade nun novo tempo, o que viña marcado pola realidade social e política da democracia e a autonomía, novos competidores no mercado editorial, novas propostas creativas, novos espazos, novos hábitos de consumo, novas tecnoloxías. Falo da Editorial Galaxia porque a el lle tocou asumir o cambio dos fundadores (Ramón Piñeiro, Francisco Fernández del Rego, Xaime Isla Couto) para afrontar esa nova realidade, mesmo complementariamente a outras empresas e iniciativas editoriais que empezaban daquela a actuar con forza e con novas propostas no mercado. Falo da Editorial Galaxia porque o libro, a estratexia do libro e a lectura, era a primeira materia pendente naqueles momentos, xunto coa presenza da lingua galega no sistema educativo, e porque a editora se consideraba herdeira dunha tradición moi querida polo noso autor: a xeración Nós. Casares non podía instalarse á marxe desa significación simbólica, que no fondo era tamén estratéxica.

Na mesma liña: a defensa da lingua, do libro e da lectura como valores de identidade, alicerces cara á construción democrática da nova realidade (unha cidadanía culta, informada, autónoma), traballou Casares no eido da política, comprometido coa primeira lexislatura do Parlamento de Galicia, onde se chantaron as bases do novo proxecto político: o Estatuto de Autonomía de 1981. Igual que Ramón Piñeiro e un grupo importante do galeguismo, Casares apostou pola solución que consideraron máis eficaz e pragmática naquel momento, opción que foi moi discutida, mais que ollada con perspectiva amosa resultados obxectivos: Lei de Normalización Lingüística, Consello da Cultura Galega, Compañía de Radio Televisión de Galicia... Unha nova realidade estaba a construírse, repito, e o noso protagonista non agocha os seus compromisos.

Outro aspecto importante do traballo de Carlos Casares como editor/organizador foi a súa participación en procesos de profesionalización do sector: Pen Club de Galicia, Asociación de Escritores en Lingua Galega, Asociación Galega de Editores..., ás veces dende posicións de dirección e outras veces traballando na base, xunto con proxectos dirixidos á proxección exterior do libro, autores e, en xeral, o mundo todo dos creadores de cultura. Tense salientado neste ámbito a experiencia de Verines, encontros de escritores que, promovidos polo daquela catedrático da Universidade de Salamanca, Víctor García de la Concha, mais inspirados por Casares, se celebraban anualmente no mes de setembro, dende 1985, na devandita vila asturiana. Carlos Casares participou en todos eles dende o principio, avivando a presenza de escritores e escritoras de lingua galega, novos e menos novos, en contacto con autores e autoras das outras linguas do Estado Español. Esta mesma filosofía desenvolveuna asemade dende a presidencia do Consello da Cultura Galega (1996-2002), e mesmo naquelas outras institucións, públicas ou privadas, onde tivo ocasión de actuar. Para Casares a proxección da literatura e da cultura galega alén das nosas fronteiras era unha necesidade vital, fundamental para a propia viabilidade do noso discurso colectivo, corrente vivificadora destinada a superar a endogamia, os complexos e o sempre perigoso vitimismo, na medida en que introducía interlocutores, información, contactos persoais, universos novos para o desenvolvemento das nosas capacidades e para a comprensión e o coñecemento das capacidades dos demais. No seu caso, os outros nunca eran inimigos.

Destas cousas todas, e seguramente dalgunhas outras máis, falamos aquela noite na beirarrúa da porta de Brandeburgo: con vontade, con coñecemento, con estratexias de conciliación, o futuro é posible. A realidade conquístase cada día. Tamén a realidade soñada, tal que a imaxinaban Shakespeare e Cunqueiro. O editor ten sempre algo de estratega: xestor das palabras e do coñecemento, ponte necesaria entre o que somos e o que queremos ser. Sirva esta coda ou estrambote tal que a xeito de colofón das sesións de traballo ás que, ao longo deste ano 2017, nos invitou a memoria viva de Carlos Casares.